




Carlos Casares

# Carlos Casares

## 5º e 6º de primaria

## Día das letras galegas 2017



Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941.

Pasou a súa infancia na vila ourensá de Xinzo de Limia xunto cos seus pais Francisco e Manuela e os seus irmáns, Mercedes e Xavier.

Estudou Humanidades no Seminario de Ourense, estudos que abandonou para facer o bacharelato por libre, o que lle deixou tempo para asistir ao faladoiro do galeguista Vicente Risco no Café Parque, da capital ourensá.

Continuou os estudos de Filoloxía na universidade de Santiago de Compostela.

Durante este tempo publicou relatos na revista Grial e, en 1967, publicou na Editorial Galaxia a súa primeira obra, «Vento ferido».

Entrou na Real Academia Galega no ano 1978, sendo daquela o membro máis novo de todos eles.

Participou en política chegando a ser membro do primeiro Parlamento Galego. Grazas ao seu traballo, xunto ao doutros parlamentarios, aprobouse a Lei de Normalización Lingüística e a creación do Consello da Cultura Galega.

Escribiu moitas obras de literatura infantil chegando a ser director da Editorial Galaxia e da revista Grial.


Casou con Kristina Berg, unha rapaza sueca, coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Carlos Casares faleceu, o 9 de marzo de 2002, no Hospital Meixoeiro de Vigo.

Este ano 2017 a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras.




CARLOS CASARES MOURIÑO



«A GALIÑA AZUL» GAÑOU O 1º PREMIO DO CONCURSO DE CONTOS O FACHO, EN 1968.

1.- Completa o encrucillado cos datos da biografía de Casares.



HORIZONTALS. 1.- LOLO 2.- PARQUE 3.- GRIAL 4.- XINZO 5.- HAKAN  
VERTICALS. 1.- GALAXIA 2.- MOURIÑO

## HORIZONTALS

- 1.- Protagonista dun conto de Casares que conta a historia dun neno e unha bicicleta.
- 2.- Nome do café ourensá onde ía Casares a un faladoiro.
- 3.- Revista na que publicaba Carlos.
- 4.- Vila ourensá onde foi traballar Francisco, o pai de Carlos Casares.
- 5.- Nome dun dos dous fillos de Carlos Casares.

## VERTICALS

- 1.- Editorial que dirixía Casares.
- 2.- Segundo apelido do autor homenaxeado no Día das Letras de 2017.

2.- Escribe o que aconteceu nos seguintes anos en relación coa biografía de Carlos Casares.



|             |   |       |
|-------------|---|-------|
| <b>1941</b> | ▶ | _____ |
| <b>1944</b> | ▶ | _____ |
| <b>1967</b> | ▶ | _____ |
| <b>1968</b> | ▶ | _____ |
| <b>1978</b> | ▶ | _____ |
| <b>2002</b> | ▶ | _____ |

3.- A Lei de Normalización Lingüística ten como obxectivo normalizar a situación do idioma galego. Carlos Casares participou na súa redacción. Poderías colocar as palabras que faltan na introducción da lei?

**comunidade    forza    creación    unidade    lingua**

«A \_\_\_\_\_ é a maior e máis orixinal \_\_\_\_\_  
colectiva dos galegos, é a verdadeira \_\_\_\_\_  
espiritual que lle dá \_\_\_\_\_ interna á nosa  
\_\_\_\_\_ .

4.- Atopa na sopa de letras as palabras que se corresponden coas definicións.



RAG VENTO FERIDO GRIAL RISCO FILOXÍA GALAXIA BERG

- Iniciais da institución científica que ten como obxectivo o estudo da cultura galega, e en especial da lingua galega.
- Primeira obra de Carlos Casares.
- Nome da Revista da que foi director Carlos Casares.
- Apelido do intelectual ourensá considerado un dos máis grandes teóricos do nacionalismo galego.
- Ciencia que estuda a lingua e a literatura dun pobo ou dun grupo de pobos a través dos textos escritos.
- Nome da editorial da que chegou a ser director Carlos Casares.
- Apelido da muller de Carlos; escritora sueca en lingua galega.

5.- Completa os títulos destas obras de Casares? Pódeste axudar dos títulos da dereita.

«A GALIÑA \_\_\_\_\_ »

«CAMBIO EN \_\_\_\_\_ »

«O CAN \_\_\_\_\_ E

O LOBO \_\_\_\_\_ »

«LOLO ANDA EN \_\_\_\_\_ »

«O \_\_\_\_\_ DE

ANTIOQUÍA»

«UN \_\_\_\_\_ XIGANTE»

«ESTE É \_\_\_\_\_ »

O GALO DE ANTIOQUÍA

VENTO FERIDO

A GALIÑA AZUL

CAMBIO EN TRES

OS MORTOS  
DAQUEL VERÁN

ILUSTRÍSIMA

O SOL DO VERÁN

UN PAÍS DE PALABRAS

AS LARANXAS MÁIS  
LARANXAS DE TODAS  
AS LARANXAS

ESTE É TORIBIO

LOLO ANDA EN BICICLETA

TORIBIO TEN UNHA IDEA

O CAN RIN E O  
LOBO CRISPÍN


OS ESCUROS SOÑOS  
DE CLÍO

UN POLBO XIGANTE

XOGUETES PARA  
UN TEMPO PROHIBIDO

Unha vez era un can que se chamaba Rin. Era un can grande e forte, aínda que xa un pouco vello. De novo, fora o can máis valente de dez parroquias arredor e contábase del, ademais, que era moi listo. Sabía sumar, recitaba poesías en portugués e daba os saúdos en cinco idiomas diferentes.

De mozote, andara de pastor pola parte de Burgos e alí fixérase famoso porque mentres tornaba as ovellas, calcetaba, e porque sabía dicir o Credo e a Salve en latín corrido e ben pronunciado. Como o can tiña esa gracia de saber rezar, os de Burgos regaláronllo ao señor bispo de Ourense, que foi o seu amo durante cinco meses. Ao cabo dese tempo, o can Rin empezou a dicir animaladas e pecados, que




polo visto lle aprendía un sancristán, e que asustaban e incomodaban ás visitas. Por iso o señor bispo llo regalou ao abade de Beiro, co encargo de que aprendera educación e que non escandalizara ao vecindario. En Beiro, o Rin nunca deu mal que falar. Nada máis chegar á súa nova casa, xa lle fixo un favor á irmá do señor cura: avisouna de que o leite se ía verter no lume.

Aquel mesmo día pola tarde predixo que ía vir unha tronada con moita auga e moito raio e que conviña meter o gando nas cortes, e pola noite andou de porta en porta preguntando polas casas se cumpría a súa axuda para calquera cousa. Necesitaron del no lugar de Tralaira, porque unha veciña se puxera mala. El soíño, sen guía nin axuda, foi buscar ao médico de Amoeiro.

«O can Rin e o lobo Crispín», Carlos Casares

1.- Completa con información do texto.



2.- Inventa preguntas para estas respostas:

■ \_\_\_\_\_

- Rin.

■ \_\_\_\_\_

- Dez parroquias

■ \_\_\_\_\_

- Cinco idiomas diferentes.

■ \_\_\_\_\_

- Burgos

■ \_\_\_\_\_


- Señor Bispo de Ourense.

■ \_\_\_\_\_



- Abade de Beiro.

■ \_\_\_\_\_

-Rin, Burgos, Credo, Salve, Ourense, Beiro, Tralaira e Amoeiro.




3.- Localiza nesta sopa de letras dez nomes relacionados coa igrexa.



ABADE ABADESA BISPO ERMIDA MOSTEIRO CARDEAL  
PÁRROCO SANCRISTIÁN MONXE CATEDRAL

4.- O can Rin era pastor de ovellas. No seu rabaño había 135 ovellas. Os lobos estragáronlle 27. O dono foi á feira e vendeu as que quedaban. Na feira déronlle 55,31 euros por cabeza. Cantos cartos recaudou o dono de Rin?



5.- No texto aparece a palabra «parroquia»; termo que se refire á división administrativa de rango inferior ao municipio.

Poderías ordenar de maior a menor os seguintes termos, tendo en conta o seu tamaño?

**ALDEA    COMARCA    PROVINCIA    CONCELLO    PARROQUIA**


**1**

**2**

**3**

**4**

**5**



Como é sabido, Sherlock Holmes basea todo o éxito das indagacións na súa extraordinaria capacidade deductiva. Naturalmente téñense feito bromas e caricaturas sobre esta habilidade do detective para chegar a conclusións definitivas a partir de feitos insignificantes, un talento que sempre provoca o asombro do doutor Watson. Precisamente unha das historias apócrifas sitúa a este diante do seu amigo, que o recibe coa seguinte frase:

«Vexo, Watson, que leva hoxe calzoncillos de franela». Maravillado, o médico quere saber como Holmes o averiguou. «Moi sinxelo -responde o detective- vai vostede sen pantalóns».

Onte, mentres tomaba café cun amigo nunha terraza de Panxón, pasou por diante de nós unha parella un pouco extravagante: ela, enorme, tanto en volume como en talla, algo así como noventa quilos de peso, robusta, como un atleta e moi próxima a un noventa de estatura; el, mingurrias e aflautado, deses que lle dan dúas voltas ao cinto, pequeno na fronteira do desastre, pero estirado e posto na punta dos pés. O meu amigo preguntoume se sabía por que casaran un home e unha muller tan desiguais. Por suposto, eu non o sabía. Entón aclaroumo el. Díxome que ambos os dous, unha por grande e voluminosa, outro por escuchimichado, quedaran solteiros na aldea porque a ningún deles lle resultaba fácil atopar acomodo. Dese xeito, pasados todos os soles por diante da porta, ao final xuntáronse necesariamente para non quedar sós. Pregunteille ao meu amigo como o sabía e respondeume: «Pura deducción». É posible que fora así, pois non está mal pensado. Había un detalle, sen embargo, capaz de pulverizar o argumento: parecían namorados.



«Deduccións», Carlos Casares

### 1.- Atopa os sinónimos dos seguintes adxectivos.

Estrafalario     \_\_\_\_\_  
Forte     \_\_\_\_\_  
Célibe     \_\_\_\_\_  
Asombrado     \_\_\_\_\_  
Raquítico     \_\_\_\_\_

### 2.- Completa a descrición, sacada da wikipedia, de Sherlock Holmes usando as seguintes palabras.

|          |          |                       |           |
|----------|----------|-----------------------|-----------|
| química  | pipa     | Sir Artur Conan Doyle | privado   |
| ordenado | boxeador | século XIX            | século XX |
| galletas | brusco   | cortés                | violín    |
|          |          | delgado               |           |



Sherlock Holmes é un personaxe ficticio creado en 1887 por \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_. As súas aventuras están ambientadas a finais  
do \_\_\_\_\_ e comezos do \_\_\_\_\_.

Sherlock é un detective \_\_\_\_\_ alto, \_\_\_\_\_,  
frío, irónico, enxeñoso e intelctualmente inqueda. En ocasións resulta  
un tanto \_\_\_\_\_ pero é \_\_\_\_\_ coas mulleres  
a pesar de que desconfía delas.

Non é moi \_\_\_\_\_ na rutina cotiá; é moi habilidoso  
disfrazándose, fuma \_\_\_\_\_, gústanalle as  
\_\_\_\_\_, toca o \_\_\_\_\_ con mestría, é  
un experto apicultor, excelente \_\_\_\_\_, e ten un gran

coñecemento científico, en especial en \_\_\_\_\_.

### 3.- Comprendiches o texto?

▶ Que popular personaxe basea na deducción todas as súas investigacións?


\_\_\_\_\_

▶ Quen é amigo de Sherlock Holmes?

\_\_\_\_\_

▶ Como eran os calzoncillos de Watson?

\_\_\_\_\_



▶ Onde estaba Casares tomando café?

\_\_\_\_\_

▶ Canto di que medía a señora?

\_\_\_\_\_



▶ Que detalle pulverizaba o argumento do amigo de Casares?

\_\_\_\_\_

4.- Relaciona cada escritor ou escritora co seu país de orixe.

SHAKESPEARE

MARK TWAIN

STEVE BIKO

OSAMU DAZAI

TOLSTÓI

DANTE

BERTOLT BRECHT

LARSSON

MOLIÈRE

ANDERSEN

CERVANTES

CARLOS CASARES

SÓCRATES

FRANCIA

ESPAÑA

SUECIA

SUDÁFRICA

RUSIA

ESTADOS UNIDOS

GRECIA

DINAMARCA

ITALIA


XAPÓN

GRAN BRETAÑA

ALEMAÑA

GALICIA

5.- Resolve o encrucillado usando as palabras que aparecen na parte inferior.



A P Ó C R I F A S    A C O M O D O    P A N X Ó N  
 D E T E C T I V E    D E D U C C I Ó N  
 F R O N T E I R A    M I N G U R R I A S  
 C A L Z O N C I L L O S    V O S T E D E  
 C A R I C A T U R A    A T L E T A    S A B I D O

O sábado pola noite, despois de cear, púxenme a ver na televisión unha reportaxe que trataba sobre a vida dos gatos. Resultou moi interesante e aprendín cousas que ata entón ignoraba. Por exemplo, que posúen un olfacto trece veces máis fino e potente que o noso, o cal lles permite saber quen estivo antes nun cuarto, a que hora chegou e cando se foi. Non é raro, polo tanto, nin pertence ao reino da fantasía o feito de que algúns gatos teñan percorrido máis de cento cincuenta quilómetros para volver á casa.

Houbo, non obstante, unha frase que non me gustou, cando o locutor dixo que o gato é un asasiño por natureza. Mirei para Samuel, que durmía ao meu lado, e non me pareceu que fose merecedor de tal palabra, por máis que de cando en vez colla un rato ou se lance, en plan traidor, á caza dun paxaro. Todo o mundo ten dereito a comer.

Con todo, o máis sorprendente da reportaxe foi a afirmación de que os gatos nos ven a nós como gatos grandes, e que cando lles facemos unha caricia, senten as nosas mans como se fose unha lingua enorme que os estivese lambendo. Por iso son tan desobedientes, porque pensan que pertencemos á mesma especie, ademais de que nos teñen por compadres torpes, de movementos pesados e lentos, sen graza. Que os gatos non nos gardaban respecto, xa o sabía. O que ignoraba ata onte é que nos visen tamén como seres inferiores.



«Uns gatos grandes e torpes», Carlos Casares

## 1.- Entendiches o texto?

► Que tipo de texto é? \_\_\_\_\_

► Que día ocorre a acción? \_\_\_\_\_

► Que dicía a reportaxe sobre o olfacto dos gatos?


\_\_\_\_\_

► Canto din que poden ter percorrido?

\_\_\_\_\_

► Que frase non lle gustou a Carlos Casares?

\_\_\_\_\_



► Como se chama o seu gato? \_\_\_\_\_




► Como dicía a reportaxe que nos ven os gatos?

\_\_\_\_\_


► Como senten as nosas mans cando os acariñamos?

\_\_\_\_\_

2.- Razas de gatos hai moitas: abisinio, somalí, himalaio, balinés, persa, bengalí, xavanés, siberiano, angora, siamés, bombay, azul, exipcio, burmés, korat... Serías quen de ordenalos alfabeticamente?



### 3.- Completa o encrucillado.



#### HORIZONTAIS

- 1.- Mamífero carnívoro da familia dos félidos.
- 2.- Xénero periodístico que consiste en relatar.
- 3.- Persoa que le mensaxes na radio ou na televisión.
- 4.- Persoa ou animal que desobedece.
- 5.- Un sentido que tamén usa moito o gato.
- 6.- Demostración de afecto ou cariño.
- 7.- Actitude de consideración ou deferencia.
- 8.- Imaxinación.
- 9.- Sentido polo que se perciben os olores.
- 10.- Conxunto da realidade física tal como é.

1.- GATO 2.- REPORTAXE 3.- LOCUTOR 4.- DESOBEDEIENTE 5.- VISTA 6.- CARICIA 7.- RESPECTO  
8.- FANTASÍA 9.- OLFACTO 10.- NATURÉZA

4.- Une cada adxectivo co termo que lle corresponde.

|                |                          |                                                  |
|----------------|--------------------------|--------------------------------------------------|
| Interesante    | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> Os gatos                |
| Fino e potente | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> Os seres humanos        |
| Desobedientes  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> Reportaxe de televisión |
| Torpes         | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> Olfacto dos gatos       |

5.- Atopa no texto os antónimos das seguintes palabras.

|          |   |       |
|----------|---|-------|
| banal    | ▶ | _____ |
| diminuto | ▶ | _____ |
| dócil    | ▶ | _____ |
| hábil    | ▶ | _____ |
| veloz    | ▶ | _____ |
| superior | ▶ | _____ |
| habitual | ▶ | _____ |
| fiel     | ▶ | _____ |

interesante, enorme, desobediente, torpe, lento, inferior, raro

